

Regulamento de prácticas académicas externas do alumnado da Facultade de Ciencias

Empresariais e Turismo de Ourense

(Aprobado en Comisión Permanente celebrada o 15 de decembro de 2014 e en Xunta de

Facultade do 18 de decembro de 2014)

Artigo 1. Obxecto, réxime xurídico e ámbito de aplicación

1. O obxecto do presente regulamento é o ordenamento das prácticas académicas externas, curriculares e extracurriculares, do alumnado da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo da Universidade de Vigo que estea matriculado en calquera das súas titulacións.

O marco legal que regula as prácticas académicas externas do estudantado está definido no Real Decreto 592/2014, de 11 de xullo, polo que se regulan estas prácticas para os estudiantes universitarios. Así mesmo, tamén se atenderá ao publicado pola Vicerreitoría de Estudantes da Universidade de Vigo no Regulamento de prácticas académicas externas do alumnado e nas Instruccións sobre o procedemento para a realización das prácticas académicas externas curriculares e extracurriculares.

2. As prácticas académicas externas poden adoptar dúas modalidades:

- Prácticas externas curriculares: son actividades académicas integradas como materias dun plan de estudos do Centro. No caso das titulacións que se imparten na Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo, esta materia está presente en:
 - ✓ Grao de Turismo.
 - ✓ Máster Universitario en Creación, Dirección e Innovación na Empresa.
 - ✓ Máster Universitario en Dirección e Planificación do Turismo Interior e de Saúde.
 - ✓ Máster Universitario en Xestión Empresarial do Deporte.
- Prácticas externas extracurriculares: son de carácter voluntario e realizaranse durante o período de formación e, ainda tendo os mesmos fins que as prácticas curriculares, non forman parte do correspondente plan de estudos. Poderá realizarlas todo o alumnado das distintas titulacións de grao e máster que se imparten na Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo.

Artigo 2. Definición e características das prácticas académicas externas

1. As prácticas académicas externas constitúen unha actividade académica de natureza formativa co obxectivo principal de completar e aplicar, nun ámbito profesional,

competencias e coñecementos adquiridos polo alumnado nos seus estudos.

2. As prácticas académicas externas poden realizarse en entidades colaboradoras, tales como empresas, institucións e entidades, de carácter público ou privado, no ámbito nacional ou internacional.
3. As prácticas externas curriculares disporán da súa guía docente, aprobada pola Xunta de Centro nas mesmas condicións que calquera outra materia das titulacións do mesmo. O responsable de realizar a guía docente será o coordinador de prácticas.

Artigo 3. Persoas destinatarias das prácticas académicas externas e principais requisitos para realizaras

1. Poden realizar as prácticas externas:
 - a) O alumnado matriculado nalgunha das titulacións impartidas na Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo.
 - b) O alumnado doutras universidades españolas ou estranxeiras que estean realizando estancias de estudio en programas de mobilidade académica ou por convenios bilaterais.
2. Para realizar as prácticas externas débese estar matriculado na ensinanza á que se vinculen as competencias básicas, xenéricas e específicas que adquirirán na súa realización.
3. Durante o período de realización das prácticas externas non se poderá manter ningunha vinculación contractual coa entidade colaboradora en que se realicen, ou coa propia Universidade de Vigo, de ser o caso.

Artigo 4. Responsable do programa e tutela das prácticas externas

O responsable do programa de prácticas externas encargarase da organización, coordinación e xestión deste programa, que no caso dos graos será o Decano, ou persoa na que delegue dita responsabilidade, e no caso dos máster o coordinador de prácticas do mesmo.

Corresponde ao responsable do programa de prácticas externas determinar a idoneidade da empresa ou institución para a realización das prácticas, así como promover as ofertas de prácticas por parte das empresas. Non obstante, é posible que o estudiante promova a sinatura dun convenio cunha empresa, entidade ou institución; nese caso deberá comunicalo ao responsable do programa de prácticas, quien decidirá sobre a idoneidade da mesma.

Durante o período de prácticas, o estudiante contará coa orientación dun titor académico e un titor por parte da empresa. Cada estudiante terá asignado un titor académico, que será un

docente da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo encargado do seu seguimento e apoio. A empresa, entidade ou institución colaboradora designará un titor ou instrutor que organizará as actividades formativas do estudiante de acordo co centro.

No caso dos graos, o procedemento básico de asignación dos titores académicos aos estudiantes que participen nun programa de prácticas externas, tanto curriculares como extracurriculares, é responsabilidade da persoa encargada das prácticas externas do grao e realizarase entre o profesorado adscrito aos departamentos con carga docente no título. En concreto, a Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo solicita a cada un dos departamentos que imparten materias obligatorias nos graos, unha listaxe onde figuren os docentes que poden titorizar as prácticas. Esta listaxe inclúe un número de profesores proporcional ao peso que cada departamento teña na carga obligatoria de cada titulación. O responsable do programa das prácticas externas dos graos será o encargado de asignar un titor a cada alumno, procurando un reparto equitativo dos mesmos, de forma que se manteña a proporcionalidade anteriormente mencionada.

No caso dos máster, o titor académico será o coordinador de prácticas de cada un dos máster ou a persoa designada ao efecto pola Comisión Académica do máster.

Artigo 5. Publicidade

As ofertas das prácticas externas serán obxecto de publicidade nos medios telemáticos da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo e dos máster nun prazo previamente determinado unha vez finalizado o prazo de recepción de ofertas de prácticas externas. Proporcionarase, na medida do posible, entre outra, a seguinte información sobre a práctica externa:

- Nome ou razón social da empresa ou entidade.
- Localidade onde se realizará a práctica.
- Período aproximado de realización da práctica.
- Número de horas de duración da mesma.

Artigo 6. Adxudicación das prácticas externas

A Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo pode determinar un prazo de inscrición para solicitar a realización de prácticas externas a contar dende a publicación da oferta de prácticas. Este prazo de inscrición, de existir, virá especificado na convocatoria ou oferta de prácticas.

Finalizado dito prazo ordenaranse provisionalmente aos estudiantes tendo en conta o seu expediente académico e/ou o cumprimento dos requisitos que, previamente, tivera fixado a empresa ou entidade co visto e prace do responsable do programa de prácticas. En dita ordenación daráselle prioridade a aqueles estudiantes que realizan prácticas regradas fronte aos que solicitan prácticas voluntarias. Daráselle a oportuna publicidade a dita ordenación nos medios telemáticos da facultade, abríndose un período de alegacións previo á ordenación definitiva. Dado que o número de estudiantes que realizan prácticas externas nas distintas titulacións da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo é variable, este procedemento poderase flexibilizar considerando as necesidades dos estudiantes.

Poderase solicitar a realización de prácticas extracurriculares rematado o prazo de inscrición, nese caso a asignación dunha empresa ou entidade queda supeditada a que existan prazas dispoñibles ou ben a que o estudiante propoña unha empresa onde realizaras.

O estudiante que rexeite a práctica externa ou non se incorpore a unha práctica asignada que tivera solicitado, pasará a ocupar a última posición da ordenación realizada.

Artigo 7. Procedemento de xestión das prácticas académicas externas, curriculares e extracurriculares

1. O procedemento de xestión a seguir pola Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo para o desenvolvemento das prácticas académicas externas, tanto curriculares como extracurriculares, será o publicado pola Vicerreitoría de Estudantes da Universidade de Vigo nas instrucións sobre o procedemento para a realización das prácticas académicas externas curriculares e extracurriculares.
2. Cualificación e realización da memoria das prácticas externas. Unha vez rematadas as prácticas externas, o estudiante remitiralle ao tutor académico o informe realizado polo tutor da empresa, o informe realizado polo estudiante, e a memoria final da práctica, a cal será supervisada polo tutor académico. En base a esta documentación e ás especificacións da guía docente da materia, no seu caso, o tutor procederá á cualificación das prácticas.

Segundo o artigo 14, apartado 1, do *Real Decreto 592/2014, de 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudiantes universitarios*, na memoria final, deberán figurar como mínimo, os seguintes aspectos:

- a) Datos persoais do estudiante.
- b) Entidade colaboradora onde realizou as prácticas e lugar de ubicación.

- c) Descripción concreta e detallada das tarefas, traballos desenrolados e departamentos da entidade aos que estivo asignado.
- d) Valoración das tarefas desenroladas cos coñecementos e competencias adquiridos en relación cos estudos universitarios.
- e) Relación dos problemas que tivesen aparecido no desenvolvemento das prácticas e o procedemento seguido para a súa resolución.
- f) Identificación das achegas que, en materia de aprendizaxe, supuxeron as prácticas.
- g) Avaliación das prácticas e suxestións de mellora.

3. Prácticas externas curriculares:

- Requisitos do alumnado: o estudante debe estar matriculado na materia vinculada ao plan de estudos de que se trate e cumplir os requisitos que neste se establezan.
- Recoñecemento das prácticas: as prácticas externas curriculares quedarán reflectidas no expediente académico.
- Duración e remuneración das prácticas. A duración das prácticas curriculares do grao de Turismo é de 300 horas (12 créditos). Para as titulacións de máster a duración será a estipulada na guía docente da materia. As prácticas curriculares son non remuneradas; calquera remuneración que a empresa/entidade conceda ao alumnado terá a condición de bolsa de axuda ao estudio.

4. Prácticas externas extracurriculares:

- Requisitos do alumnado:
 - ✓ Estar matriculado na Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo nos estudos relacionados coa práctica extracurricular.
 - ✓ Ter superado o 50% dos créditos necesarios para obter a titulación.
- Recoñecemento das prácticas: as prácticas externas extracurriculares quedarán reflectidas, de ser o caso, no Suplemento Europeo ao Título correspondente.
- Duración e remuneración das prácticas: a duración das prácticas extracurriculares será dun máximo de 6 meses por curso académico e poderán realizarse ao longo de todo o ano. A empresa ou entidade convocante da práctica concederá unha axuda con carácter de bolsa ao alumno, aínda que esta será opcional para:
 - ✓ Os organismos públicos e entidades sen ánimo de lucro durante un máximo de 3 meses.

- ✓ Para entidades privadas durante as primeiras 240 horas. Aplicable unha única vez por estudiante na mesma empresa/entidade.

O importe da bolsa deberá ser proporcional ao Salario Mínimo Interprofesional no país onde se vaian realizar as prácticas, e en función do número de horas realizadas.

- Recoñecemento de créditos optativos:

- ✓ Nas memorias dos graos da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo recóllese que os estudiantes poderán recoñecer prácticas externas extracurriculares por créditos optativos, ata un máximo de 12 créditos no Grao de Administración e Dirección de Empresas e de 6 créditos no Grao de Turismo e no Grao de Consultoría e Xestión da Información. O recoñecemento estará suxeito á normativa de xestión académica vixente en cada momento.
- ✓ Cando o alumnado opte por recoñecer créditos optativos, no expediente académico aparecerá o epígrafe de “recoñecido”, e os créditos correspondentes non se terán en conta no cómputo da nota media do expediente. A cualificación será de apto ou non apto.
- ✓ O exceso de créditos realizados nas prácticas sobre os que se recoñezan figurarán no Suplemento Europeo ao Título.

Artigo 8. Recoñecemento da experiencia profesional por prácticas externas

1. A experiencia profesional debidamente acreditada poderá ser recoñecida por prácticas curriculares, sempre e cando esta experiencia estea relacionada coas ensinanzas universitarias do Plan de Estudos obxecto de recoñecemento. Para acreditalas é necesario a presentación de:

- Contrato/bolsa de formación laboral ou alta na seguridade social.
- Informe da vida laboral.
- Memoria das tarefas realizadas.
- Informe da empresa, sempre que sexa posible.

Para o caso dos graos, a experiencia profesional haberá que terse realizado como máximo nos últimos tres anos previos ao recoñecemento das prácticas, a contar dende a súa finalización. No caso dos máster será a Comisión Académica dos mesmos a que avalié a adecuación da experiencia profesional para o seu recoñecemento.

Recoñeceranse os créditos correspondentes en función do número de horas de traballo acreditadas. Os estudiantes nesta situación deberán comunicalo ao responsable do programa de prácticas.

2. En ningún caso a experiencia profesional de carácter contractual podrá utilizarse para o recoñecemento de créditos vía prácticas extracurriculares.

Disposición adicional única. *Referencias xenéricas.*

Todas as referencias a cargos, postos ou persoas para os que en este regulamento se utiliza a forma de masculino xenérico deben entenderse aplicables, indistintamente, a mulleres e homes.